

DE PUTACIÓN PROVINCIAL

A CORUÑA

**Acta da sesión ORDINARIA
celebrada pola EXCMA. CORPORACIÓN PROVINCIAL
o 28 de FEBREIRO DE 2003**

Orde do día dos asuntos que se van tratar na sesión plenaria ordinaria que se celebrará o vindeiro venres, día 28 de febreiro de 2003, ás DOCE HORAS.

ASUNTOS

Central-Actas

- 1.-Aprobación da acta da sesión plenaria ordinaria núm. 1/03, do 31 de xaneiro.
- 2.-Toma de coñecemento das resolucións dictadas pola Presidencia, da núm. 400 deica a núm. 1.399, do ano 2003.

Economía, Facenda e Especial de Contas

- 3.-Dar conta da liquidación do orzamento do exercicio 2002.
- 4.-Ampliación da delegación de competencias en materia tributaria por diversos concellos da provincia, 2º grupo.

Cooperación e Asistencia a Municipios

- 5.-Aprobación da ampliación do Plan complementario ó Plan provincial de cooperación ás obras e servicios de competencia municipal e da Rede viaria local anualidade 2003.
- 6.-Aprobación da ampliación do Plan complementario ó Programa Operativo Local 2003.

Vías e Obras

- 7.-Aprobación de convenio de colaboración entre a Excma. Deputación Provincial da Coruña e a Excma. Deputación Provincial de Pontevedra para establecer a colaboración de ámbalas institucións para financiar a execución das obras abrangidas no proxecto de reparación da Ponte de Catoira.

Ambiente, Agricultura, Pesca e Benestar Social

- 8.-Incorporación da deputación á fundación Arao.
- 9.-Convenio de financiamento dos grupos municipais de intervención rápida (GEMIR) 2003.

ACTUACIÓN DE CONTROL
MOCIÓN
ROGOS E PREGUNTAS

DEPUTACIÓN PROVINCIAL

A CORUÑA

SESIÓN ORDINARIA DA EXCMA. CORPORACIÓN PROVINCIAL EN PLENO DO 28 DE FEBREIRO DE 2003.

No salón de sesións do pazo provincial da Coruña, o día 28 de febreiro de 2003, reuniuse a Excma. Corporación Provincial para celebrar **sesión ordinaria**.

CONCORRENTES

PRESIDE O ILMO. SR.:

DON JOSÉ LUIS TORRES COLOMER

ASISTEN OS SRES. DEPUTADOS SEGUINTE:

DON JOSÉ BLANCO PAZOS	PP
DON JUAN BLANCO ROUCO	PP
DON ANTONIO CAMPO FERNÁNDEZ	PP
DOÑA PILAR CANDOCIA PITA	BNG
DON JOSÉ MANUEL CENDÁN FERNÁNDEZ	PP
DON ODÓN CASIMIRO COBAS GARCÍA	PSOE
DON JOSÉ ANTONIO DOMÍNGUEZ GARCÍA	PP
DON ANTONIO ERIAS REY	PP
DON SALVADOR FERNÁNDEZ MOREDA	PSOE
DON JOSÉ LUIS FERNÁNDEZ MOURIÑO	PP
DON JOSÉ LUIS FONDO AGUIAR	PP
DON JOSÉ GARCÍA LIÑARES	PSOE
DON CARLOS GLEZ.-GARCÉS SANTISO	PSOE
DON ANTONIO SALVADOR LAGARES PÉREZ	PSOE
DON CARLOS LÓPEZ CRESPO	PP
DON MANUEL MIRÁS FRANQUEIRA	PSOE
DON JOSÉ LUIS PICO ESPIÑEIRA	PP
DON JOSÉ CARLOS PITA LÓPEZ	PSOE
DON FÉLIX PORTO SERANTES	PSOE
DON MANUEL POSE MIÑONES	PP
DON CELESTINO POZA DOMÍNGUEZ	PSOE
DON MIGUEL PRADO PATIÑO	PP

DON FRANCISO JAVIER QUIÑOY TABOADA	PSOE
DON AUGUSTO REY MORENO	PSOE
DON MANUEL RODRÍGUEZ DOVAL	BNG
DON DOSITEO RODRÍGUEZ RODRÍGUEZ	PP
DOÑA ANA ISABEL SANTIAGO LÓPEZ	BNG
DON MANUEL TABOADA VIGO	PP
DON MANUEL VARELA REY	PP
DOÑA MARGARIDA VÁZQUEZ VERAS	BNG

Acúa como secretario, don José Luis Almau Supervía, secretario xeral da Corporación e está presente o interventor xeral, D. Jesús Loscos Puig.

Aberto o acto ás doce horas e cinco minutos, o Sr. secretario procede a ler os asuntos incluídos na orde do día, tocante ós cales, por unanimidade, agás nos casos en que se indique, adoptáronse os acordos seguintes:

1.-APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN PLENARIA ORDINARIA NÚM. 1/03, DO 31 DE XANEIRO.

Apróbase a acta da sesión plenaria ordinaria nº 1/03, correspondente á celebrada o día 31 de xaneiro.

2.-TOMA DE COÑECEMENTO DAS RESOLUCIÓN S DICTADAS POLA PRESIDENCIA, DA NÚM. 400 DEICA A NÚM. 1.399, DO ANO 2003.

A Corporación toma coñecemento das resolucións dictadas pola Presidencia, da núm. 400 deica a núm. 1.399, do ano 2003.

(Entra o Sr. López Crespo).

3.-DAR CONTA DA LIQUIDACIÓN DO ORZAMENTO DO EXERCICIO 2002.

Dáse conta da liquidación do orzamento do exercicio 2002.

4.-AMPLIACIÓN DA DELEGACIÓN DE COMPETENCIAS EN MATERIA TRIBUTARIA POR DIVERSOS CONCELLOS DA PROVINCIA, 2º GRUPO.

INTERVENCIONES

Sr. Rodríguez Doval

Simplemente para concretar a nosa posición de abstención na medida en que se trata da incorporación dalgúns concellos a unha normativa, a un sistema, que nosoutros en principio mantivemos unha diferenza no tocante ó transfondo. Queremos respectar, como dixemos sempre, a autonomía dos concellos e polo tanto a nosa posición vai ser de abstención neste punto. Moitas grazas.

VOTACIÓN

Votan a favor: 25 deputados (16 do PP e 9 do PSOE)

Votan en contra: ningún deputado

Abstéñense: 4 deputados (PSOE)

ACORDO

Apróbase o seguinte dictame da comisión:

“Aceptar a ampliación de competencias delegadas en materia tributaria acordada por diversos concellos da provincia, tocante coas materias e concellos seguintes.

-Recadación voluntaria e executiva das sancións municipais por infraccións da Lei sobre tráfico, circulación de vehículos de motor e seguridade vial, incluíndo a colaboración previa cos concellos para identificar os propietarios dos vehículos cos que se cometeran infraccións: concello de Cariño, Cerceda, A Laracha, Malpica de Bergantiños, Oroso e Outes.

A aceptación destas competencias realízase a expensas de que os correspondentes acordos municipais sexan elevados a definitivos.

O exercicio das competencias delegadas obxecto de aceptación, que se levará a cabo nos termos establecidos nas Bases para a prestación de servizos tributarios para os concellos da provincia, aprobadas para o efecto por esta Corporación provincial, surtirá efectos o día 2 de xaneiro de 2003.”

5.- APROBACIÓN DA AMPLIACIÓN DO PLAN COMPLEMENTARIO Ó PLAN PROVINCIAL DE COOPERACIÓN ÁS OBRAS E SERVIZOS DE COMPETENCIA MUNICIPAL E DA REDE VIARIA LOCAL ANUALIDADE 2003.

INTERVENCIONES

Sra. Candocia Pita

É para intervir para xustificar a nosa posición de abstención, como vén sendo habitual nestes puntos da orde do día, e remítome xa ó posicionamento que temos sempre respecto a este tema: como non hai unha visión de conxunto de por que unhas obras e non outras, pois nosoutros en principio entendemos que tódalas obras son necesarias e o noso posicionamento é abstención.

Sr. Lagares Pérez

Brevemente, para indicar que nos puntos 5, 6 e 7 o grupo socialista vai emitir o seu voto favorable.

VOTACIÓN

Votan a favor: 25 deputados (16 do PP e 9 do PSOE)

Votan en contra: ningún deputado

Abstéñense: 4 deputados (BNG)

ACORDO

Apróbase o seguinte dictame da comisión:

“Visto o acordo adoptado polo pleno desta Deputación o 31 de xaneiro de 2003 por medio do cal se prestaba aprobación ó Plan provincial de cooperación ás obras e servicios de competencia municipal e da Rede viaria local 2003, no que se incluían tódalas obras do Plan base, tanto do apartado de Obras e servicios de competencia municipal como do apartado da Rede viaria local, e no que o seu Plan complementario incluía soamente obras do apartado Obras e servicios de competencia municipal.

Vistos os proxectos de obras en estradas provinciais que foron presentados polos servicios técnicos provinciais coa finalidade de que se inclúan no apartado da Rede viaria local do Plan complementario do ano 2003

1º Aprobar a ampliación do Plan complementario ó Plan provincial de cooperación ás obras e servicios de competencia municipal e da rede viaria local 2003 no que se inclúen as 4 obras que a continuación se indican para a súa inclusión no apartado da Rede viaria local do Plan do ano 2003.

CONC.	DENOMINACIÓN DA OBRA	PRESUPOSTO
BOIRO	EP 1105 NOIA A CABO CRUZ PK 16,4 A 20,3	108.901,64
A CORUÑA	REF. FIRME EP 3002 A MOURA A BENS	90.770,73
MALPICA	EP 4306 ESTEIRO A PTE.BARIZO PK 0 A 2	177.854,39
RIANXO	EP 7202 RIANXO A BURES PK.1,50 A 3,30	67.970,90

Estas obras teñen carácter de supletorias e financiaranse con cargo ós remanentes que se puideran orixinar polas anulacións de proxectos ou baixas de licitación, así como polos suplementos de crédito que se poidan aprobar, de forma que quedan condicionados a que efectivamente se produzan ditos remanentes.

2º Aprobar os correspondentes proxectos técnicos

3º Dispoñer a exposición pública mediante a publicación dun anuncio no B.O.P. para os efectos de que durante o prazo de 10 días se poidan presentar as alegacións ou reclamacións que se consideren oportunas.

4º Remitir o expediente a informe do subdelegado do Goberno en Galicia para os efectos establecidos no art. 29.2.) da Lei 6/1997 do 14 de abril de organización e funcionamento da Administración xeral do Estado, debéndose entender emitido favorablemente no prazo de 10 días dende a recepción da súa solicitude.

5º Remitir o expediente a informe da Comisión Provincial de Colaboración do Estado coas Corporacións Locais debéndose entender emitido favorablemente no prazo de 10 días dende a recepción da súa solicitude.

6º Remitir o expediente á Xunta de Galicia e á Comisión Galega de Cooperación Local para os efectos da coordinación establecida na Lei de Administración local de Galicia, debéndose entender emitido informe favorable no prazo de 10 días dende a recepción da súa solicitude.

7º Unha vez transcorrido o indicado prazo de 10 días de exposición pública e remisión a informe, sen que se presentaran reclamacións ou alegacións, considerarase definitivamente aprobado o plan."

6.-APROBACIÓN DA AMPLIACIÓN DO PLAN COMPLEMENTARIO Ó PROGRAMA OPERATIVO LOCAL 2003.

INTERVENCIONES

Sra. Candocia Pita

Tamén neste caso o posicionamento do grupo provincial do BNG vai ser de abstención, indicar que sería bo que se aclarase, en calquera caso, o gran número de obras que hai, cómo se vai facer para meter unhas ou outras, nosoutros xa indicamos sempre, en todo caso, que no Plan operativo local non había uns criterios claros, moito peor ca no POS, para acceder a este tipo de subvencións, e por este motivo o noso posicionamento, como xa dixen é de abstención.

VOTACIÓN

Votan a favor: 25 deputados (16 do PP e 9 do PSOE)

Votan en contra: ningún deputado

Abstéñense: 4 deputados (BNG)

ACORDO

Apróbase o seguinte dictame da comisión:

“Visto o acordo adoptado polo pleno desta Deputación o 31 de xaneiro de 2003 por medio do cal se prestaba aprobación á anualidade 2003 do Programa operativo local 2000-2006 e o seu plan complementario integrado por un Plan base, así como un Plan complementario cunha programación de obras supletorias, e que prevéndose xa no citado acordo a posibilidade de que se puidera realizar unha ampliación do Plan complementario coa finalidade de realizar unha óptima utilización da subvención do MAP e FEDER.

Vistos os novos proxectos de obras que foron presentados por algúns concellos da provincia coa finalidade de que se incluíran no Programa operativo local 2000-2006.

1º Aprobar a ampliación do Plan complementario á anualidade 2003 do Programa operativo local 2000-2006, no que se inclúen as obras que a continuación se indican

CONCELLO	DENOMINACIÓN DA OBRA	PRESUPOSTO
CORISTANCO	SANEAMIENTO EN XAVIÑA	120.202,41
MESÍA	ESTACIÓNS TRATAMENTO AUGA POTABLE	641.602,47
NARÓN	SANEAMIENTO EN CASTRO 2-F	79.097,57
	EDAR EN PEDROSO FASES 1 E 2	314.596,81
NEGREIRA	SAN. ARO, GONTE, MAIO GRANDE E O.	678.733,9
O PINO	EDAR E COLECTORES XERAIS NO PINO (SECTOR 1)	590.871,95
STA. COMBA	EDIFICIO MULTIUSOS SANTA COMBA	841.400

TOQUES	AMPLIACIÓN REDE XERAL AUGA POTABLE	327.525,05
VAL DO DUBRA	AMPLIACIÓN SAN. PORTOMOURO DE ARRIBA E O.	213.663,15
	AMPL. COLECTORES SAN. BEMBIBRE	331.786,88
TOTAL		4.139.480,19

Desta forma o Plan complementario á anualidade 2003 do Programa operativo local 2000-2006 pasa a estar integrado polas seguintes obras:

CONCELLO	DENOMINACIÓN DA OBRA	PRESUPOSTO
ARANGA	SAN. REGO DAS CAMPOSAS-MUNIFERRAL	61.283,64
ARES	SAN. CHANTEIRO 1-2-3 FASES	686.233,11
	CASETA SALVAMENTO E SOCORRISMO ARES	73.654,27
ARTEIXO	SAN. MONTEAGUDO	76.064,53
	COLECTOR MOUCHO-VILARRODÍS	83.963,5
	REDE RESIDUAIS ARMENTON FASE 2	61.240,69
ARZÚA	EDIF. MULTIUSOS E MERCADO 2-F	591.305,94
BERGONDO	EDAR CONDUCC. E SAN. PETEIRO E O.	272.028,29
CEDEIRA	SAN. REDE AUGA VENTOSA-PIÑEIRO	36.298,17
	SAN. REDE AUGA POTABLE PIÑEIRO, O OLMO E O.	94.607,73
	SAN. ESPASANTE, NOVAL, A ARBA E A AREOSA	91.871,91
	SAN. EN MOSENDE-PIÑEIRO E SANTALLAMAR	173.972,45
CEE	ADEC. SIST. SEP. REDE SAN. NUCLEO URBANO	577.806,24
CESURAS	AMPL. AB. AUGA CESURAS 4-F	374.800,61
CORISTANCO	REDE ABAS. AUGA PARROQ. COUSO	114.192,3
	SANEAMENTO EN XAVIÑA	120.202,41
CULLEREDO	COLECTOR SAN. CASAL-CELAS (2-F RIO VALIÑAS)	631.062,71
DODRO	SAN. AB. BANDE-TARRIO E O.	199.450,82
	AB. AUGA MANSELLE E O.	189.881,56
DUMBRIA	SAN. EZAR FASE 3	324.546,52
	INST. EMISARIO SUBMARINO	246.088,98
FISTERRA	EDAR E COLECT. XERAIS EN ANCHOA	307.306,11
IRIXOA	SAN. EN CHAO DE VIÑA	313.104,07
LARACHA, A	SAN. ABAST. CENTULLE-LESTÓN	187.106,26
MAÑÓN	SAN. E EDAR ESTRADA ESTACIÓN	69.677,8
MELIDE	SANEAMENTO EN MELIDE	779.494,74
MESÍA	AB. AUGA POTABLE CONC. MESIA	427.484,52
	ESTACIÓNS TRATAMENTO AUGA POTABLE	641.602,47
MOECHE	VARREDORA, ASPIRADORA E LIMPAD. GABIAS	72.100

NARÓN	SANEAMENTO EN CASTRO 2-F	79.097,57
	EDAR EN PEDROSO FASES 1 E 2	314.596,81
NEGREIRA	SAN. ARO, GONTE, MAIO GRANDE E O.	678.733,9
OLEIROS	MELL. REDE XRAL. AUGA POT. CONC. OLEIROS	205.528,68
OROSO	AMPL. REDE MPAL. DE ABASTECIMENTO	423.312,72
O PINO	EDAR E COLECTORES XERAIS NO PINO (SECTOR 1)	590.871,95
PONTEDEUME	SAN. ANDRADE-VALDEVIÑATOS	685.300,16
PONTES DE GARCÍA RODRÍGUEZ, AS	SAN. EN PORTOIBO 1-F	113.085,87
	SAN. EN PORTOIBO 2-F	122.630,5
PORTO DO SON	SAN. GOIÁNS, RIBASIEIRA, ETC..	95.744,97
	SAN. NEBRA A BARO/A	75.297,53
STA. COMBA	EDIFICIO MULTIUSOS SANTA COMBA	841.400
SOMOZAS, AS	AMPL. REDE ABAST. AUGA 2-F	215.353,03
	AMPL. REDE ABAST. AUGA 3-F	225.456,42
TOQUES	AMPLIACIÓN REDE XERAL AUGA POTABLE	327.525,05
TORDOIA	ABAST. AUGA PARRQ. CASTENDA DA TORRE	584.027,88
TRAZO	REDE SUMI. O PUMAR-A VILARRADEIRA- A CERDEIRA E O.	74.733,71
VAL DO DUBRA	NOVA CAPT. E DEP. AUGA POTABLE	223.380,1
	AMPLIACION SAN. PORTOMOURO DE ARRIBA E O.	213.663,15
	AMPL. COLECTORES SAN. BEMBIBRE	331.786,88
VALDOVIÑO	MELLORA ABAST. E SAN. VALDOVIÑO	60.101,21
	MELL. ABAST. E SAN. PORTA DO SAL	60.101,21
VIMIANZO	URBZ. CONTORNO E APARCADOIRO CENTRO SAÚDE	143.249,04
CARIÑO	MERCADO MUNICIPAL CARIÑO 1-F	360.607,26
	MERCADO MUNICIPAL CARIÑO 2-F	330.137,93
TOTAL		15.254.155,88

Esta relación ten carácter de "programación de actuacións que se han incluír no Plan complementario ó POL 2003", de forma que unha vez estea correcta e completa toda a documentación administrativa e técnica, especialmente o proxecto técnico e a dispoñibilidade de terreos e autorizacións e concesións administrativas necesarias, o Pleno da Deputación prestará aprobación ós correspondentes proxectos.

Estas obras teñen carácter de supletorias e financiaranse con cargo ós remanentes que se puideran orixinar polas anulacións de proxectos ou baixas de licitación, así como polos suplementos de crédito que se poidan aprobar, de forma que quedan condicionados a que efectivamente se produzan ditos remanentes.

2º Dispoñer a exposición pública mediante a publicación dun anuncio no B.O.P. para os efectos de que durante o prazo de 10 días se poidan presentar as alegacións ou reclamacións que se consideren oportunas.

3º Remitir o expediente a informe do subdelegado do Goberno en Galicia para os efectos establecidos no art. 29.2.) da Lei 6/1997 do 14 de abril de organización e funcionamento da Administración xeral do Estado, debéndose entender emitido favorablemente no prazo de 10 días dende a recepción da súa solicitude.

4º Remitir o expediente a informe da Comisión Provincial de Colaboración do Estado coas Corporacións Locais debéndose entender emitido favorablemente no prazo de 10 días dende a recepción da súa solicitude.

5º Remitir o expediente á Xunta de Galicia e á Comisión Galega de Cooperación Local para os efectos da coordinación establecida na Lei de Administración local de Galicia, debéndose entender emitido informe favorable no prazo de 10 días dende a recepción da súa solicitude.

6º Unha vez transcorrido o indicado prazo de 10 días de exposición pública e remisión a informe, sen que se presentaran reclamacións ou alegacións, considerarase definitivamente aprobado o plan.”

7.-APROBACIÓN DE CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E A EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE PONTEVEDRA PARA ESTABLECER A COLABORACIÓN DE ÁMBALAS INSTITUCIÓN PARA FINANCIAR A EXECUCIÓN DAS OBRAS ABRANGUIDAS NO PROXECTO DE REPARACIÓN DA PONTE DE CATOIRA.

Por unanimidade apróbase o dictame da comisión:

“1.-Aprobar o texto do convenio de colaboración entre a Excma. Deputación Provincial da Coruña e a Excma. Deputación Provincial de Pontevedra para establecer a colaboración de ámbalas institucións para financiar a execución das obras incluídas no proxecto de reparación da ponte de Catoira.

A Deputación Provincial da Coruña financiará o 50% do custo da obra, da dirección e coordinación da seguridade e saúde, así financiado o 50% restante a Deputación Provincial de Pontevedra, conforme ó seguinte detalle:

	ANO 2003	ANO 2004	TOTAL
DEPUTACION DA CORUÑA	1.100.000,00	44.001,42	1.144.001,42
DEPUTACION DE PONTEVEDRA	1.100.000,00	44.001,39	1.144.001,39

TOTAL.....	2.200.000,00	88.002,81	2.288.002,81
-------------------	--------------	-----------	--------------

Respecto á achega provincial da anualidade 2003 por importe de 1.100.000 euros existe crédito adecuado e suficiente na aplicación orzamentaria 0401/511B/601.05 proposta na cláusula cuarta do convenio, emitíndose para tal efecto documentos contables RC de retención de crédito núm. de rexistro 711, con data do 12.03.03 por importe de 1.100.000 euros con cargo á anualidade 2003 e documento RC, núm. de rexistro 712 con data do 12.02.03 por importe de 44.001,42 euros con cargo á anualidade 2004.

Respecto á achega da Deputación Provincial de Pontevedra de 1.144.001,39 euros será necesario xerar o correspondente crédito conforme co establecido na base 14 das de execución do orzamento provincial do exercicio 2003 e no art. 162.a da Lei 39/1988, do 28.12, reguladora das facendas locais, despois de que o compromiso de achega da Deputación de Pontevedra sexa firme e formalizado por ámbalas partes.

2º.-Facultar ó presidente para executar o presente acordo.”

8.-INCORPORACIÓN DA DEPUTACIÓN Á FUNDACIÓN ARAO.

INTERVENCIONES

Sr. Rodríguez Doval

Supoño que non inventei nada novo se afirmo que nunha situación de catástrofe como a que está vivindo o noso país desde hai máis de cen días, o fundamental, sobre todo desde a perspectiva daquelas persoas que estamos nas institucións públicas, é que estas, as institucións, non soamente esteamos á altura das circunstancias senón que teñamos verdadeiramente os mecanismos para resolver os problemas da cidadanía. Se algo está, -digo está, non estivo; falo en presente, non en pasado-, se algo está aínda en evidencia é que neste proceso que dura máis de cen días a cidadanía galega, o conxunto da cidadanía galega estivo e está abandonada por parte dos seus gobernos, sendo ademais claro e evidente a ausencia, non soamente do goberno do Estado senón tamén do goberno da comunidade autónoma, é un problema no que nos vai o noso presente, pero sobre todo no que nos vai o noso futuro, e cando digo nos vai falo do conxunto da cidadanía, falo do conxunto da comunidade, porque é evidente que dunha ou doutra forma tódolos galegos e galegas, non soamente as persoas físicas, senón tamén a terra, e neste caso o mar, especificamente, estase resistindo.

Digo isto porque a proposta que se trae hoxe aquí vén presentada, ou trae un formato de suposto mecanismo de contribución á catástrofe da que estamos falando. Quero dicir tamén que como espello no que se reflectiu precisamente esa ausencia de capacidade das institucións, fronte ese espello si se está vendo a presenza de algo que nos parecía que non existía: a presenza de voluntarias e voluntarios, a presenza de confrarías de pescadores; nunha palabra: a presenza do conxunto da sociedade, que nos está dando, aínda no día de hoxe, a pesar dos pesares, unha gran lección sobre como organizarse fronte a unha catástrofe, e sobre todo, cómo conseguir ir modulando precisamente a ausencia de capacidade dos gobernos para actuar. É evidente que non estamos hoxe aquí a día 14 de novembro, este non é o debate do día 14 de novembro, nin sequera este é o debate do día no que se debateron aquí dúas mocións, que se discutiron dúas mocións no seo desta corporación, isto é un debate moi posterior, e polo tanto, ende mal, porque oxalá non puideramos facer ese balance, pero desgraciadamente o balance que temos que facer é un balance do que sucedeu en máis de cen días, e non precisamente do que sucede nunha semana, e de cómo nos pareza que se poden solucionar as cousas. Un período de cen días, baixo o noso punto de vista, é un período importante, un período suficiente para saber se realmente estivemos ou non á altura das circunstancias, e curiosamente, feliz coincidencia, a propia cidadanía xa acaba de definir claramente que os gobernos non estiveran á altura das circunstancias. Ímonos aforrar ese debate, seguramente proque xa o Partido Popular, o goberno do Estado, dispón dun documento por escrito, por certo que non o fixo a oposición, senón que está feito a través do CISS, que revela o que acabo de dicir, e polo tanto remítome ás conclusións do que recollen hoxe os medios de comunicación, e ás conclusións moito máis concretas que se poden recoller coa lectura do documento que algúns puidemos facer desa enquisa que fixo o CISS, onde se revela, efectivamente, o que eu estou dicindo, e que se concreta nos grandes titulares de que o conxunto das persoas que foron chamadas a dar a súa opinión que desaproban a actuación tanto do goberno do Estado como da Xunta de Galicia.

Pero dito iso, non é menos certo que hoxe traen vostedes aquí unha proposta que ademais por certo ten defectos de forma, á parte de ter un gran defecto de fondo. Defectos de forma: pois o primeiro deles é que efectivamente chega aquí despios de cen días da catástrofe ¿non?, despois de que a constitución da famosa fundación Arao hai practicamente case case dous meses, e parecería que no día de hoxe non pasou absolutamente nada, é dicir, que vimos aquí e inventamos un mecanismo para a teórica solución do problema, cando durante estes máis de cen días xa evidenciou a cera que arde e a que non arde.

O acordo que se trae aquí, por outra parte, chega mal, e eu diría moi mal, porque claro, nas decisións políticas tamén é importante o método. Vostedes puideron optar por dar un debate aquí a fondo no momento incluso en que se constituía a fundación Arao, puideron incluso incorporar propostas que puideramos ter desde os grupos da oposición, e xa sei que a frase que vou dicir quizais non gusta moito, pero o que paga tamén esixe, ¿verdade?; ben,

pois se imos a por unha achega económica, polo menos que se nos dea a posibilidade de opinar respecto a cómo entendemos que ten que ser a composición da fundación. Ben, pois isto tamén se fixo soberanamente mal, porque o que facemos nosoutros aquí é incorporarnos cando xa por certo existe unha resolución da Presidencia desde hai máis dun mes na que se aproba, no soamente a incorporación á fundación Arao, senón tamén unha achega económica de 12.000 euros, que por certo naquel momento non dispoñía aínda a deputación deles.

Pero o máis importante é o tema de fondo. A proposta que traen vostedes aquí eu creo que evidencia, vese moi claro, as cores están moi definidas, queda moi evidente que vostedes asumen xa, no día de hoxe, que os poderes públicos fallaron; que os poderes públicos están fallando; que os poderes públicos non cumpriron, non están cumprindo os seus cometidos e as súas funcións. Fíxense vostedes: o obxecto da fundación é -abro comiñas-: “promover, incentivar e executar cantas accións se orienten á recuperación ambiental de Galicia, así como á recuperación dos danos causados polo afundimento do *Prestige*, canalizando as axudas públicas ou privadas que a este fin se destinan”. Se esa é a función da fundación, ¿cal é a función dos poderes públicos? É que os poderes públicos non están facendo a recuperación ambiental de Galicia, e a recuperación dos danos causados polo *Prestige*, porque senón, sobra a fundación, ou en todo caso, haberá unha fundación para outra cousa, pero non para iso. Entón, non se está cumprindo a función dos poderes públicos dos gobernos.

En segundo lugar, é evidente que o modelo que se escolleu, calquera que lea os estatutos da fundación e a propia acta notarial, pero sobre todo os estatutos, e revise iso, dase conta de que o modelo que se escolleu para a creación desta fundación non pode ser máis opaco, xa que é evidente que nel non están representados, nin moito menos, o conxunto dos sectores que, baixo o punto de vista de calquera que estea seguindo a transición da catástrofe, debería de figurar aí dentro. Preguntamos nosoutros: ¿onde están por exemplo, as confrarías de pescadores?; ¿as asociacións de mariscadoras e mariscadores?; ¿onde están os órganos científicos galegos?; ¿onde están os departamentos das universidades galegas, que teñen moito que dicir a pesar do ocultamento?; ¿onde están por exemplo, as entidades que teñen unha longa traxectoria en procesos de recuperación ambiental das nosas costas, as entidades ecoloxistas, agrupadas hoxe nunha federación de ámbito galego, ou outro tipo de movemento?, e ¿onde están -en fin, por falar de algo que parece que entende todo o mundo cando se crea unha fundación promovida máis nada e nada menos que polo goberno galego-, onde está a pluralidade da sociedade galega, onde están representados os grupos políticos que forman parte da cámara galega, e que representan -para iso foron electos, naturalmente-, á cidadanía galega?

Nunha palabra, nosoutros entendemos que lonxe de supor a creación desa fundación a solución, ou unha vía para enfocar o que puidera ser a colaboración nesta catástrofe que

estamos vivindo, nosoutros o que pensamos é que se trata única e exclusivamente dunha mera cortina de fume. Queremos dicir, en todo caso, que non dubidamos de que poida haber boa vontade por algunha das entidades ou organismos que participan aquí, seguramente que hai boa vontade, pero o goberno non se fai con boas vontades, faise con accións concretas. Entón a solución a un problema como a catástrofe do *Prestige* non poida ser a suma de vontades de particulares; ten que ser, ante todo, a suma dunha acción concreta e específica por parte das institucións públicas, que teñen que cumprir esa función ademais por lei.

Polo tanto, desde ese punto de vista, naturalmente a nosa posición vai ser de total e absolutamente contraria, entendendo -como xa se está vendo-, e teño que dicir que antonte houbo un primeiro debate no Parlamento Galego respecto a como se vai mover, de cómo vai funcionar a propia fundación, onde xa quedou claro o que xa algúns presumiamos que ía ser, é dicir, que está habendo unha suma de diñeiro que se está achegando, fundamentalmente por parte das institucións financeiras e dalgunhas empresas, pero que aínda no día de hoxe non hai un plan, non hai criterios claros e criterios transparentes de como se vai facer este reparto, por unha fundación -e repito- que está promovida máis nada e nada menos por un goberno, que é o goberno galego. Polo tanto, xa digo, o noso voto vai ser contrario.

Pero non quería terminar a miña primeira intervención sen dicir, porque é de xustiza que se diga, que á vista de cómo está constituída a fundación, e á vista sobre todo dese primeiro debate que xa se deu dentro do Parlamento Galego, o noso grupo o Bloque Nacionalista Galego, agarda que a dilixencia e a preocupación das institucións que forman parte da fundación, para comezar por esta propia deputación, que a dilixencia e a preocupación sobre a transparencia no reparto do diñeiro e o investimento que se vai facer sexa, indubidablemente, como mínimo, a mesma que están tendo na fiscalización, eu diría máis ben na criminalización das actividades da plataforma cidadá “Nunca máis”. Moitas grazas.

Sr. Lagares Pérez

Imos someter a votación a aprobación do ingreso nunha fundación que se chama fundación Arao, pero antes de posicionar o voto do grupo socialista, este voceiro quere facer unhas reflexións en voz alta, algunhas reflexións que marcan que estamos ante a meirande desfeita ecolóxica de Europa Occidental, que non soamente afecta á provincia da Coruña, a Galicia, senón a toda a cornixa cantábrica, ó País Basco, mesmo ó Sur de Francia. Estamos ante un fenómeno onde un grupo de irresponsables transformaron un accidente nunha catástrofe que aínda non sabemos cáles van ser as súas consecuencias, estas consecuencias, da transformación dun accidente nunha catástrofe, serán de tipo económico, de tipo ambiental, e afectarán -repito- a toda Europa Occidental, o que se refire a Galicia, cornixa cantábrica e todo o Golfo de Biscaia. E efectivamente, este destrozamento do

ecosistema leva á propia fundación o nome dun elemento que posiblemente hoxe estea extinguido, o Arao, que segundo fauna ibérica, había moi pequenas especies en Galicia, estaban inventariadas nas illas Sisargas tres parellas e nos illotes de Cabo vilaño nove parellas. Neste momento podemos dicir que o arao pode ser un símbolo desa catástrofe sen límites, que aínda non sabemos o que pode suceder de aquí en adiante.

É indubidable que as responsabilidades das Administracións hai que medilas onde as Administracións teñen o seu asentamento, sexa no Parlamento español, o Parlamento galego, e aquí imos ver o que sucede na cámara provincial. Falamos do ingreso na fundación Arao, cunha achega de 120.000 euros; e falamos dunha achega que curiosamente vai a transferencias de capital. Supoño que saben os señores deputados do Partido Popular que xa estamos condicionando a que estas economías vaian directamente a investimentos. En segundo lugar, estamos aprobando algo onde se fai unha achega, onde o grupo socialista no seu momento, concretamente no debate orzamentario do 4 de decembro e con anterioridade na presentación dunha moción, falabamos de que se fixera un plan de actuación inmediata por 30 millóns de euros, un plan de actuación inmediata falabamos o 4 de decembro, e con anterioridade, no mes de novembro, no pleno ordinario, nunha moción, por 30 millóns de euros. O silencio do Partido Popular naquel momento considerámolo netamente equivocado. Volvemos a insistir nel, porque ese diñeiro témolo aí, é un diñeiro ocioso, e hai que poñelo simplemente en marcha.

A Deputación provincial efectivamente está colaborando cos concellos afectados, de acordo co decreto aparecido no Boletín Oficial do Estado de afección da catástrofe do *Prestige*, está facendo unha colaboración de contratos laborais cos concellos afectados, isto hai que dicilo porque é así, mesmo se acaba de facer un pequeno incremento de contratos. Pero tamén hai que dicir que como non se nos fixo caso na achega dos 30 millóns, existe un considerable atraso orzamentario nas partidas do orzamento preventivo do ano 2003; a deputación vai atrasada nas partidas que ían monograficamente, e que aparecen reflectidas no orzamento, refírome ó millón de euros para a limpeza de praias, onde aínda non sabemos as bases, non sabemos o que se vai facer, e estamos dicindo, ou escoitando a determinadas Administracións que van de despropósito en despropósito, que en maio as praias estarán en perfectas condicións cando o fuel, o chapapote, está saíndo aínda do *Prestige*.

Outra partida dun millón de euros, destinada ó fomento de turismo, todas elas en transferencias correntes para gasto ordinario, non sabemos aínda o que se vai facer con ela, e mañá estamos no mes de marzo, e estamos a meses da catástrofe, e estamos advertindo de novo o grupo socialista do retraso que leva a deputación nalgúns aspectos, que si efectivamente os asume como tal, tenlles que dar a canle e a dinamización que requiren neste momento a situación económica e ambiental do pobo galego.

E estamos ante unha partida de fomento pesqueiro de 640.000 euros, que estamos ante a mesma situación: non temos as bases, témolo sen aprobar, e están os números sobre o papel, pero hai que poñelos en marcha; temos que pór en marcha e poñernos a traballar.

Consideramos que a Deputación da Coruña debe participar na fundación Arao, consideramos que posiblemente sexa a provincia de Galicia máis afectada directamente por esta catástrofe, e que indubidable debemos participar e de forma constructiva, ó grupo socialista gustaríalle contar cun deputado, das dúas persoas que van formar parte, consonte coa resolución da presidencia, non é así, van participar o Sr. presidente e o Sr. Dositeo Rodríguez, nosoutros consideramos que como grupo maioritario da oposición sería elegante, digamos, por parte do presidente que tivesemos unha participación; non é así; de todas formas o noso voto, dado que a fundación, os fins entendemos que deben se favorables para correxir certos despropósitos de Administracións responsables que directamente nos trouxeron a catástrofe á nosa terra, o noso voto vai ser favorable.

O que si queriamos matizar é un aspecto dos estatutos, e facer unha emenda, que eu creo que hai un erro nela. Se fan o favor, o artigo núm. 6 onde fala dos fins obxecto da fundación, onde di: “accións que se orienten á recuperación ambiental de Galicia, así como á recuperación dos danos causados”, cremos que debe dicir á reparación dos danos causados.

Ante a problemática que temos arriba tódolos galegos, toda a sociedade de Europa occidental, o grupo socialista neste caso vai dar o seu voto favorable.

Sr. Varela Rey

Teño que empezar na miña intervención por negar distintas afirmacións que fai o portavoz do BNG, cando fala de abandono, de que non se fixo nada, pois loxicamente nosoutros temos que estar totalmente en contra desa postura; en todo caso o que fixo foi unha reflexión sobre a situación que se produce polo sinistro do *Prestige*, que loxicamente é o que dá lugar á creación dunha fundación. Tamén desde este grupo provincial manifestouse cáles foron as propostas, cáles foron as accións que se tomaron, non soamente desde a Deputación provincial, desde esta institución, senón desde a Xunta de Galicia, desde o goberno central, e desde cada concello de Galicia, sobre todo os que estivemos afectados por esta situación, e as medidas que se tomaron desde un principio, medidas responsables, medidas inmediatas, foron aquelas que afectaron en principio ás persoas, para resolver os problemas da xente afectada fundamentalmente da zona litoral, dado que a dependencia de Galicia é moi importante no que significa o mar, non soamente no aspecto económico, senón mesmo no aspecto social, porque Galicia vive permanentemente de cara ó mar. Logo tomáronse medidas tamén moi importantes que afectan ó medio; estanse poñendo tódolos mecanismos, absolutamente todo, non se reparou en medios para tratar de resolver esta

situación de catástrofe. Pero é certo que cando se produce calquera situación, calquera, de catástrofe, sempre queda un pouso, sempre queda algo que por moito que se faga, nunca dá cabida para que un quede contento. Non sei se o exemplo é comparable, eu non quixera, tamén podo equivocarme, evidentemente, cando se produce un accidente nunha estrada, ou cando se produce mesmo calquera intervención que afecta á saúde, que ás veces tamén son situacións extremas, pero estamos falando de situacións extremas que por moito que nosoutros digamos que o firme estaba no mellor estado, a ver cómo se lle explica á persoa que tivo o accidente que a culpa foi do conductor ¿non?, a culpa sempre será de efectos externos porque é difícil recoñecer esa situación.

Polo tanto, aínda que se puxeran os medios que se puxeron, e o dobre ou o triple, ou cinco veces, seguramente que seguiríamos falando de que foron insuficientes, e que sempre se poderían tomar máis, seguro, e que se poderían tomar en mellor consideración, e que podería haber mellor coordinación; pero iso, loxicamente, ten que asumilo quen toma esa responsabilidade e quen toma esas decisións, todo se pode facer mellor, e sempre se pode dotar de máis medios, pero eu creo que neste senso se puxeron tódolos medios, absolutamente todos, que houbo unha dedicación permanente desde tódolos estamentos dos poderes públicos, e que iso é o que segue producindo nestes momentos. O que evidentemente non se pode confundir en que ningunha fundación vén a suplantar absolutamente ningunha responsabilidade das Administracións públicas, esta fundación vén en principio a complementar esas actuacións xustamente dos poderes públicos.

O que si é seguro é que a pluralidade da composición da propia fundación permite encarar, e loxicamente ter, unha confianza, en principio, desde logo desde o noso grupo político, dado que aí están os representantes do goberno galego, das principais institucións, pero tamén desde os poderes financeiros, económicos, empresariais, eu creo que é moi importante que estean entidades de tanta transcendencia, de tanta solvencia como Caixa Galicia, Caixa Nova, Banco Pastor, como eu creo que están absolutamente tódalas empresas de Galicia, e polo tanto eu creo que iso tamén é unha canle, unha maneira, de efectuar tamén o compromiso da sociedade galega, desde o punto de vista privado, co que debe ser esta situación de catástrofe. A min paréceme moi articulado que se posibilite esta canle a través da creación dunha fundación, ou que podería ser calquera outro mecanismo. Pero en todo caso creo que é unha maneira de completar, nunca de suplantar, a actuación dos poderes públicos para achegar, poñer o ombreiro, o apoio, de todo tipo, non só económico, senón tamén ese compromiso de toda a sociedade galega con esta situación de catástrofe.

O que nosoutros vemos é que un grupo político se coloca claramente en contra de que as institucións privadas estean en colaboración coas institucións públicas para tratar de dar apoio e de completar. En todo caso, dicir que non nos sorprende, porque ó final o de que o Bloque estea en contra xa nos ten acostumados a iso, practicamente é dicir que non

permanentemente a todo aquilo que se queira facer, ¿que Caixa Galicia quere estar nunha fundación? pois o Bloque dirá: non; ¿que Conservas Calvo quere achegar e dar ideas? pois dirá: non; ¿que Epifanio Campo, ou Fadesa, ou Adisa...?, pois o Bloque dirá: non; pero iso é normal, é habitual, e polo tanto, loxicamente nosoutros entendémolo, nosoutros non o compartimos, nosoutros non estamos nesa situación, eu creo que é un mecanismo que completa a actuación pública co que debe ser a participación das entidades económicas e financeiras dentro do que é un problema, eu creo que mesmo diría que é máis unha situación de sensibilidade, de respecto, de agarimo, cara o que debe ser un traballo conxunto para tratar de resolver estes problemas.

Respecto ó que fala o voceiro do PSOE, primeiro agradecer ese posicionamento favorable á creación desta fundación, porque eu creo que entenden a mesma situación que entende o grupo provincial do Partido Popular. Evidentemente, cando fala de que algúns plans, algúns proxectos que teñen dotación económica, que se están retrasando máis do que ó mellor máis do que se considerara, loxicamente nosoutros tomamos nota desa situación, e a idea desta corporación e deste goberno é que se axilice na maior medida do posible, pois que xustamente todo aquilo que está previsto, que os concellos teñan economía para a limpeza de praias, que teñan persoal suficiente, que teñan tamén unha planificación para desenvolver actividades de turismo da natureza, para recuperación do medio, para actividades ambientais, pois loxicamente tamén é preocupación deste goberno, e faremos o posible e o imposible para tramitar isto no menor tempo posible, e estas dotacións económicas que os concellos as poden ter de inmediato no seu poder.

E tamén direi que en todo caso o que se pretende desde esta institución pública, desde este goberno provincial, é continuar realizando labores de coordinación permanente tanto coa Xunta de Galicia coma co Estado central, coma con tódolos concellos, porque eu creo que este é o momento para que tódalas institucións de carácter público, e loxicamente abrindo a través de fundacións a entidades privadas de ofrecer ese nivel de coordinación que todos intentaremos facer o esforzo necesario para levalo a efecto. Moitas grazas.

Sr. Rodríguez Doval

Nos últimos días -vou facerlle un chiste malo-, nos últimos días falábase da necesidade de facer análise científico sobre aquelas persoas que actuaron con proximidade ós lugares onde se está a recoller o fuel, urxe tomar esas medidas porque me dá a impresión de que hai algúns afectados, e eu diría que o Sr. alcalde de Carballo, polo que está dicindo, parece que algo afectado debe de estar, non sei se dos primeiros ou dos últimos, vive nunha zona que lle toca moito isto, e eu diría que pola forma na que acaba de intervir e polas cousas que acaba de dicir dáme a impresión de que o Sr. alcalde de Carballo debe de ser das primeiras persoas que se sometan a esas probas.

(Abandona o salón o Sr. Pita López).

A min unha das cousas que me molesta nos debates é que me tomen o pelo. Os debates parlamentarios sempre están tinxidos, todos adornámoslos e tal, pero home, que a un lle tomen o pelo é un pouco forte ¿non?, e claro que a un lle tomen o pelo reiteradamente, pois é máis forte, e que a un lle tomen o pelo, a sabendas de que non se ten nada que dicir e que se lle queira tomar o pelo intencionadamente, iso xa é un pouquiño máis forte. Eu creo que o Partido Popular se ten que quitar os cascos, en dos sentidos: quitar a Cascos porque é un dos responsables, e quitar os cascos porque non se oe; o Partido Popular non se decata e o problema auditivo é complicado, porque é fastidiado, pero non oír e non ver é moito máis complicado, e non querer entender é moitísimo máis complicado, porque iso quere dicir que un se pon en contra. Hai que quitarse os cascos. Vostede está falando aquí como se tiveramos un debate coma o que tivemos cando discutimos as mocións, onde por certo lle teño que lembrar que tódolos grupos, polo menos o noso, foi moi cauteloso en facer xuízos de valor sobre o que podía pasar, que os fixemos sobre o que estaba pasando; pero hoxe podémolos facer sobre o que é un prazo importante para dar conta do que se fixo. Vostede empezou mal porque xa puxo na miña boca -como fai sempre-, cousas que eu non dixen; eu non dixen que todo se fixera mal, está recollido en acta, vostede dixo: “o Bloque di que todo se fixo mal”; o Bloque non dixo iso, non dixo: “non se fixo nada, non se fixo nada...” non; si que se fixeron cousas mal; vostede dixo que nosoutros dixeramos que non se fixo nada; nosoutros dixemos que o que se fixo, fíxose mal, pero non o dicimos nosoutros, dio a cidadanía, dinno os físicos, dinno os científicos, dinno as confrarías de pescadores, dinno os militantes do Partido Popular que van ás manifestacións, ¡caramba!, ¿é que vostedes non len os periódicos? ¿ou tampouco lle valen as enquisas, nin sequera as do CISS? Home, pois é preocupante ter un goberno que está autista total e absolutamente, como están vostedes. E o que é peor é que a cidadanía teña que pagar isto, porque se isto fora un debate entre o PP e o Bloque pois non pasaba nada, enfadámonos, saíamos de aquí e tomabamos un café e non pasa nada, pero oia: ¿vostede sabe que polo medio de todo isto hai decisións que prexudicaron a moita xente, que están prexudicando a moita xente?, claro, entón non se pode dicir que nosoutros vimos aquí a criticar por un problema de carácter político, hai que ser un pouquiño medianamente, autocríticos. E xa digo, remítome á enquisa do CISS, que é a gran enquisa, e a outra que vai haber o 25 de maio, que é a gran enquisa electoral, pero esa será futurible; esta do CISS xa a temos, e dinos cousas curiosísimas, léana vostedes. A min gustaríame que cando vou tomar unha decisión neste foro onde eu vou comprometer co meu voto un investimento, unha achega económica, a min gústame xogar con claridade e saber a onde vai todo iso, e ser crítico no que teño que dicir, ¿como vou pasar “de rositas”, dicindo que, ben, o goberno non sei qué non sei cánto, pero o importante é que na fundación ímolo facer ben?, non, eu teño que ser autocrítico, nosoutros tamén temos aquí un deber ético e moral en saber de qué maneira gastamos os cartos, por moito que non sexan nosos, que sexan de todo o mundo. Entón, hai que ser un pouco serios. A min ás veces dáme a impresión de que aquí se vén dar o debate para que quede encima da mesa, e non nos

damos conta de que por encima de todo hai persoas, seres humanos, ambientais, hai que darse conta diso ¿non? E eu non estou facendo aquí unha carreira para ver quen defende mellor ás persoas ou o ambiente; estou dicindo a miña posición.

Sobre o tema das accións da deputación, teríamos moito que falar. Xa faremos balance aquí sobre o que se fixo co plan que fixo a deputación, porque eu xa estou vendo cousas moi raras nalgúns sitios, e non sexa que convertamos a cuadrillas pagadas pola deputación, cuadrillas de rexeneración para as zonas afectadas polo litoral, que as convertamos nas cuadrillas dos alcaldes para as eleccións, ¡coidado!, imos pór a lupa, levamos pouco tempo. Por certo, gustárame tamén saber cómo se fixo o proceso de selección nalgúns sitios, en fin, problemas que houbo no tocante a capacidade, que é o que van facer, etc., etc., é dicir, que agora veñen os efectos colaterais de todo este tipo de historias, pero se queren falamos.

Membros da fundación. Di o Sr. Varela que o Bloque oponse a que Caixa Galicia entre na fundación: está vostede equivocado, non nos opoñemos por unha simple razón: porque non depende de nosoutros; nosoutros opoñémonos a que entre a deputación, que é no que temos capacidade; é máis: díxenlle, e quero dicilo así, que non dubidamos da boa vontade de empresas, de entidades, ou de asociacións, que están colaborando economicamente á vista da falta de goberno. ¿Vostedes crense, alguén pode pensar que se quere un goberno que sexa eficiente se crea con tanta axilidade como se creou un sistema de solidariedade, e dos voluntarios, e da xente, que está contribuindo na fundación, etc., etc.? ¿Vostedes crense que nun estado que teña mecanismos para funcionar *per se* crese iso con tanta axilidade? É evidente que hai solidariedade, ¿sabe por que houbo tanta solidariedade?, porque a xente se notaba abandonada, perdón, nótase abandonada. Entón, claro, vostede dime que aquí hai moita xente que forma parte da fundación, e eu xa sei ler, efectivamente, os membros que forman parte desa fundación, o conselleiro da Presidencia -á parte do presidente da Xunta, que é presidente-, o conselleiro de Economía, o conselleiro de Política Territorial, o conselleiro de Cultura, o de Pesca, o de Ambiente, o de Asuntos sociais, dous representantes de cada unha das deputacións, o presidente da Fegamp, o director xeral de Caixa Galicia, o director xeral de Caixanova e o presidente do Consello de Administración do Banco Pastor. ¿E iso é a sociedade galega?, ¿non lles falta a vostedes algunha parte da sociedade galega que quizais tivera algo que dicir en todo isto?, e repito o das confrarías, e repito dos científicos, etc., etc., home, xa sei que hai moitísima xente, que non están vostedes sós, afortunadamente, pero é certo que isto podería ser un pouquiño máis plural. Claro, fai moi ben o Sr. Lagares en pedir que unha vez que estamos, sexamos plurais, pero como imos ser plurais os que imos de pagadores, se os que fundaron nin sequera permitiron que a pluralidade da sociedade, que é a que se evidencia no Parlamento Galego, estivera aí presente, porque vostedes puideron meter perfectamente un representante de cada grupo dos que forman parte do Parlamento Galego, ¿por que non os meten?, ¿por un problema aritmético, porque non lles dan as contas? que va, non os meten porque vostedes están

ausentes, están á parte de todo iso. E non soamente á parte, senón que ademais na práctica, moi enfrentados en crear pantasma, cal se estiveramos aquí co xudeo-masónico aliado co comunismo internacional, porque é o mesmo, pero peor porque pasados moitos anos e cunha desgracia polo medio.

Eu creo que a situación, a cen días da catástrofe, dá lugar a un escenario moi patético, que eu, desde logo, na miña vivencia, teño que confesar que non vivira nunca, teño que confesalo, e por iso para min, persoalmente, é patético. E creo que para o conxunto da sociedade. Patético porque non se quere crear unha comisión de investigación nos foros onde hai que discutir, patético porque aquelas persoas que teñan que dicir algo tocante das decisións que se tomaron non se lles deixa que falen, patético porque resulta que a cidadanía ten que asistir a que os seus representantes a agredan verbalmente.

Mire, ¿vostede crese que nunha sociedade normal un presidente da Xunta pode dicir... -leo un de hoxe, xa non imos ler dos cen días atrás- que as confrarías se queixan de vicio que a xente vai ás manifestacións non sei qué non sei canto, hai que investigar...? ¿pero en que situación estamos? ¿vostede crese que é serio todo isto, que a cidadanía pódese sentir reflectida, que pode haber un mínimo de senso común nas persoas que representan? Vostedes están creando unha situación tremenda que, con toda seguridade, se non vai ter efectos negativos no ámbito sociolóxico de cara ó futuro é porque, afortunadamente, esa cidadanía xa está respirando, xa se está organizando por outro lado, que senón, vostedes estaban creando unha fractura da cal nos iamos tardar en levantar moitísimo tempo. E iso, politicamente, hai que pagalo ¡eh!, iso non se pode pasar “de rositas”. Se iso non vai pasar é porque a sociedade se organizou, e teñen vostedes moitísimo, moitísimo que agradecer á plataforma “NUNCA MÁIS”, fíxense vostedes o que lles estou dicindo, téñenlle moitísimo que agradecer. E por certo, se se lles volve ocorrer facer algún monumento máis de cara ó futuro, poden facer dous, escollan o que queiran: un, á plataforma NUNCA MÁIS, e outro á incompetencia, e para a incompetencia voulles dar nomes. Pero volvo ó de antes: vostedes téñenlle moitísimo que agradecer á sociedade -que se lle chama plataforma NUNCA MÁIS, como se se chamara doutra forma-, que se organizara e que fixera o que está facendo, porque senón, aquí estaríamos diante doutro tipo de fenómenos. E iso sábeno vostedes e sábeo a cidadanía, polo tanto quizais hoxe terían que traer aquí á parte do ingreso na fundación Arao un agradecemento á sociedade galega polo seu grao de responsabilidade, ó conxunto da sociedade galega, que está onde está, non onde din vostedes que está; está onde está hai tres meses, movéndose, organizándose, e provocando que vostedes teñan que mover os poucos resortes que moven, que son poucos, porque se ó final, como me dicían un alcalde do Partido Popular o outro día, todo o tema do Plan Galicia se resume en que haxa un presunto tren que vai chegar en tres horas de Ferrol a Bilbao... “ata logo, Lucas”... iso xa é a broma maior, por dicilo dalgunha maneira. Iso é unha tomadura de pelo.

Por certo, sei que algunhas das entidades que están metidas na fundación -e vou dicilo claramente-, o Sr. José Luis Méndez, lin o outro día unhas declaracións que dicía que xa lle tardaba que se empezara a pór sobre a mesa a concreción do Plan Galicia. Tampouco pasou tanto tempo, ¡eh!, ou sexa, que xa hai xente que debe de pensar que vostedes fixeron esa manobra e agora non se empeza a concretar.

E vou terminando. Non se pode estar durante tres meses, un goberno debe de asumir as responsabilidades que ten, mesmo ás veces ten que demitir, a demisión é unha cousa que está prevista dentro da normativa actual, se quere, se non quere, pero o que non pode é permanecer co mesmo discurso durante máis de cen días mentres está chovendo o que está chovendo. Iso é evidente. Eu, de verdade, que aínda confiaba -dígoo sinceramente-, en que vostedes chegaran aquí e tiveron, non sei se a habilidade, vou denominalo como habilidade, ou a capacidade para recoñecer que efectivamente se fixo todo mal, que as decisións políticas que se tomaron sobre o que podería ter sido un accidente provocaron outra cousa diferente, que foi unha catástrofe. Porque ese é o debate. E o símil dos accidentes de tráfico non mo saque vostede, non, porque aquí, nese símil, vostede está poñendo moitos coches que van en dirección contraria, e iso non vale, o regulamento de tráfico vale para os que van ben, para os que adiantan ben, para os que van con airbag os que van conducindo, e tal; os que van en dirección contraria non entran aí, e polo tanto vostede está tratando de equiparar este caso cun automóbil, que neste caso se chamaría *Prestige* que vai en dirección contraria, e nunca mellor dito, por certo. E vai porque o levaron, guiaron, non lle rompeu a dirección e foise por unha rúa, guiárono.

(Entra no salón o Sr. Fernández Moreda)

Polo tanto, nosoutros nesas condicións non acreditamos que a creación dunha fundación lle dea saída ó que non lle deu saída un goberno. E efectivamente, pero ¿de que nos vale que teñamos aquí -xa lin antes- tódalas entidades? Se está moi ben que as caixas de aforro, tódalas entidades, colaboren, pero non serve de nada a colaboración se quen ten que lle dar norte a todo iso, se quen ten que orientar todo iso non ten a capacidade para facelo. E aí está o gran despropósito: que temos unha fundación, como vostede di, para colaborar, para complementar, que por certo nos estatutos non se di iso, eu teño os estatutos e di: “promover, incentivar e executar cantas accións...”, non di colaborar coa Xunta de Galicia ou cos gobernos, di outra cousa distinta; eu tamén sei ler, menos ca vostede, seguramente, pero tamén sei ler. Pero ¿de que serve todo iso, a boa vontade? e volvo a repetirlle o que lle dixen antes, ¿de que nos serve a boa vontade se ninguén ten unha orientación, non se sabe como se vai facer? ¿que van facer vostedes, que vai facer a fundación Arao?, ¿paseos marítimos por riba do chapapote? Xa me estou preguntando eu o que van facer porque eu sei cales son os efectos colaterais deste tipo de crise, eu sei o que se fixo cando foi o do Mar Exeo, ¿e as grandes empresas beneficiadas?, ¿e as obras que se fixeron? ¿e os centos de miles de millóns de pesetas que se tiraron en cousas que non corrían ningunha présa?, entre

tanto non se facía o principal, que era dotar de medidas de seguridade para que iso nunca máis pasara. Non estou facendo futuribles; fago simplemente esa reflexión.

Polo tanto, nesas condicións, a nosoutros a fundación Arao serviríanos habendo un goberno que fora tal, a fundación Arao complementaría, e pareceríanos moi ben, pero a proposta que se trae hoxe aquí é evidente que é a cortina de fume que tapa a nosa realidade, que é unha realidade aínda no día de hoxe moi pouco clarificada.

E simplemente termino dicindo unha cousa: eu pediríalle ó Partido Popular, e en concreto a través dos seus representantes na Deputación da Coruña que non nos agredan máis, xa non lles pido que gobernen, pero por favor que paren, que non nos agredan máis, que xa está durante tres meses de estar aguantando as confrarías, os grupos políticos, a xente normal, de estar aguantando un bombardeo, como se foramos tontos que andamos pola súa e estannos tomando o pelo. Xa está ben. Entón, eu pídolle a vostedes que paren. E ese clima que queren vostedes reconducir, que por certo o reconducirían se fixeran o que tiñan que facer o día 14 de novembro, que era, á vista dunha catástrofe, sentarse cos representantes do conxunto da cidadanía, cos grupos políticos, e enfrontar a catástrofe como había que enfrontala, de arriba para abaixo e non de abaixo para arriba, como houbo que enfrontala despois, e é como se está enfrontando, de abaixo para arriba; vostedes non o fixeron, teñen a maioría, gobernan, teñen a capacidade, teñen o diñeiro, teñen a intelixencia, e así nos vai... Menos mal que estaban vostedes aí, case case imos ter que pedir perdón por queixarnos.

(Entra no salón o Sr. Poza Domínguez).

Polo tanto, eu pídolles, de verdade, de todo corazón, que paren, simplemente que deixen, xa virá unha etapa de transición, pero paren vostedes de agredir e de buscar historias e preocúpese do que teñen que facer, que é gobernar, que vostedes non o están facendo, levan durante tres meses removendo, e non no petróleo precisamente, senón removendo na sociedade galega para rachala, e iso van pagalo vostedes moi caro, e non electoralmente, senón tamén no que é a conciencia social vai ter aí uns resultados que vostedes saberán que xa se están adiantando, pero eu non son quen, o PP que faga o que queira, pero con nosoutros que pare, que nos deixe á sociedade tranquila, que nos organicemos, que nos defendamos e tal, incluso que lles axudemos ata que estamos facendo o que vostedes son incapaces de facer. Reitero a nosa posición negativa á proposta, pola forma e sobre todo polo fondo do que hoxe se trae aquí a debate. E pido que cando termine o proceso de vixencia dos mecanismos que puxo esta deputación en funcionamento, teoricamente para actuar na recuperación das nosas costas, que sexamos tamén críticos ¡eh!, que se poña a lupa en todo o que se está facendo con esas cuadrillas, e a ver se fan rexeneración de praias e de zonas afectadas ou a ver se están facendo outras cousas.

Sr. Lagares Pérez

Despois de escoitar atentamente ó Sr. Varela parecíame máis ben que estabamos no paraíso e non no problema dunha catástrofe grave, moi grave. O paraíso é outra cousa. As actuacións e as responsabilidades das Administracións autonómica e central están aínda politicamente sen depurar, porque o Partido Popular se negou sistematicamente a que se constituíran as comisións informativas onde hai que constituílas, que é no Parlamento. E vostedes teñen que saber que hai accidentes, pero hai accidentes que se transforman en catástrofes. E o *Prestige* é un caso concreto da transformación sistemática, repentina e irresponsable dese accidente nunha auténtica catástrofe. Acabaron co Arao e pónenlle agora o nome da fundación; que nos parece ben; que temos respecto pola fundación Arao, como complemento de recuperación da economía de Galicia, como temos respecto pola plataforma NUNCA MÁIS, que acaba de dar unha lección cívica en distintas cidades galegas e recentemente en Madrid, un movemento cidadán de protesta pola incapacidade de determinados políticos que aínda ocupan cadeiras de brazos.

Eu tamén quero dicir que indubidablemente nesta fundación tamén participa a Federación Galega de Municipios e Provincias a través do seu presidente, co cal, indubidablemente, tódolos concellos, as institucións locais, as catro deputacións, tamén aí estamos representados. Pero quero volver a facer unha reflexión que non se me contestou: hai un atraso orzamentario, hai partidas que se dixo aquí no debate dos orzamentos, cando o grupo socialista presentou no mes de novembro e logo a moción *in voce* nos propios orzamentos, da inclusión dos 30 millóns de euros; díxose “non, miren vostedes, imos recoller en transferencias correntes un millón de euros para limpeza de praias, un millón de euros para fomento do turismo, e 640.000 euros para o fomento pesqueiro. ¿Onde están desenvolvidos estes plans? Non sabemos nada deles, e estamos iniciando o mes de marzo, poñámonos a traballar. O grupo socialista fai esta intervención, como tódalas que fai, de forma constructiva.

Non se nos contestou tampouco na intervención do Sr. Varela, que fixo unha análise moi particular, eu entendo que el ten que defender o indefendible. Parece como se aquí non pasara nada; pois si ocorreu, e está ocorrendo algo grave. E tódolos cidadáns afectados directa ou indirectamente, non soamente son os da costa, é da economía galega, é do ecosistema, imos estar “os luns ó sol”, señores do Partido Popular, “os luns ó sol”, vaise fomentar o paro, estase traballando, posiblemente de forma indebida, no retiro das vedas de pesca e marisqueo, séguense facendo chapuzas. Sei que aquí igual non é o foro de debate, pero estas cousas hai que dicilas, hai que dicilas claramente á sociedade galega, hai que dicir que aquí se produciu unha catástrofe ambiental, económica e social, que foi un accidente, premeditado non, pero si actuando dunha forma negligente, onde non hai ningún tipo de responsabilidade, polo menos políticas, porque o grupo popular goza de maioría na cámara de Santiago e en Madrid.

E xa cinguíndonos de novo á fundación Arao, lembrar a emenda que facía o grupo socialista -xa vou terminando, Sr. presidente- sobre o tema -que non se nos contestou-, de que en lugar de recuperación se fale de reparación dos danos causados polo afundimento do *Prestige*, e dicir que estamos de acordo en todo aquilo que vaia axudar a recuperar esta catástrofe tan grave para o pobo galego. Moitas grazas.

(Saen os Sres. Porto Serantes, Quiñoy Taboada e Poza Domínguez).

Sr. Varela Rey

Empezo por clarificar algo que me parece tamén procedente. Si ocorreu algo; si, pero xa o dixeran na anterior intervención, escoitei ademais con toda atención a intervención do representante do Bloque, ¿ou quere que diga outra cousa?, claro que o mellor non lle gusta que eu fale con toda claridade. Se ocorre algo; si hai unha situación de catástrofe; si hai un problema na nosa costa; si hai un problema que afecta, non só o litoral senón que se traslada o resto de Galicia; si hai un goberno que toma responsabilidades; si hai concellos que estamos afectados que tamén tomamos as nosas decisións, algúns que intentamos colaborar desde o primeiro día para resolver os problemas, e outros que teño que dicir que o que intentaban xustamente, daba a impresión contraria; si hai un goberno central que ten que tomar decisións, e asumimos as responsabilidades con toda claridade, absolutamente con toda claridade, e asumimos que cando tes responsabilidades tamén te podes equivocar na toma de decisións. O que nos costa máis entender, sentado isto, é a demagogia que se fai desde distintos grupos políticos para facer de bandeira política xustamente un accidente, e tratar de manipular determinadas situacións. Iso si que non nos gusta tanto, ou gústanos bastante menos. Igual que tampouco nos gusta demasiado que alguén diga “todo se fixo mal”, “esta decisión estivo mal”, ben, cando se di “todo se fixo mal” non se concreta cáles son as decisións que estiveron mal tomadas, que eu creo que sería importante. Pero mesmo tamén non nos desagradaría en absoluto, encantaríanos mesmo, que se dixera “isto que se fixo mal nosoutros fariámolo doutra forma”, “e isto que se fixo así nosoutros dariámoslle esta outra opción”; en ningún caso, en ningún caso alguén achegou onde estiveron as decisións mal tomadas, qué temas foron onde houbo unha equivocación total e absoluta. Iso non. E cando se fala do que é a sociedade, o que é a manifestación permanente das xentes, tamén hai científicos que opinaron e que dixeran que as decisións que se tomaron foron atinadas, e mesmo hai representantes políticos doutros países que dixeran que o modelo que querían tomar para resolver a súa situación era o modelo que se tomou en Galicia, non hai tanto aparece que os franceses.... -ben, non hai máis que ver os medios de comunicación, o mellor lin mal, o mellor lin mal-, pero en todo caso me remito ás hemerotecas de non hai tanto tempo, onde técnicos franceses, e representantes franceses dicían que querían coñecer en profundidade e exactitude cómo se resolvera o problema en Galicia para seguir

ese modelo. É dicir, hai xente que tamén dixo que as cousas se fixeran ben, o que pasa é que cada un escoita o que quere escoitar, e non hai peor xordo tamén có que non quere oír.

Pero ¿que se pretende, facer unha fundación Arao, que é o tema, é o punto da orde do día que temos hoxe aquí? Iso é o que se pon enriba da mesa, e o representante do Bloque di, manifesta, se a fundación Arao o que pretende facer vai ser paseos marítimos por enriba do chapapote. Pois mire, que lle tomen o pelo a vostede, desde logo a miña intención non era, pero do que estou seguro é de que os da fundación Arao imbéciles non son, diso non me cabe ningunha dúbida.

¿De que eu estea contaminado? Espero que a miña contaminación non veña procedente do Bloque, que esa non sexa a contaminación que eu teña, e que en todo caso sempre é posible porque a polución atmosférica ou doutro tipo pois evidentemente que a pode haber.

E cando se pretende completar ou ter unha fundación, eu penso que todos os apoios que se poidan recibir neste campo, eu penso que é importante que se produzan, hai quen parte do nivel de confianza, do que partimos nós permanentemente, de que cando se crea un estamento, público ou privado, pois entendemos que é para facer cousas en sentido positivo, e hai quen o ve permanentemente desde o nivel da desconfianza, pois depende dos lentes que utilice cada un. Nós en principio imos darlle unha marxe total e absoluto de confianza, polas insitucións públicas que hai presentes nesa fundación, e pola achega de colectivos privados, vai ter en principio a nosa confianza, e cando non o faga ben, ou cando entendamos que non o fai ben, pois tamén nos manifestaremos sen problema de ningún tipo.

A fundación confórmase con institucións públicas e institucións privadas, pero tamén se manifesta en todos os estatutos que é unha fundación permanentemente aberta a todos aqueles colectivos que poidan achegar de maneira positiva e favorable aspectos que melloren esta situación.

Cando fala de por que non están científicos, confrarías, etc., na fundación, ben, repito, é aberta, tal como figura nos estatutos, pero en todo caso si estes estamentos están dentro do que deben ser as institucións e as entiddes públicas, están traballando, evidentemente, cóbado con cóbado para resolver esta situación. Eu, cando alguén me presenta dentro dun debate o de “patético, patético, patético”, pois eu digo que ese diálogo me parece triste ¿non?, porque é ter unha visión demasiado en negro, evidentemente, con asimilación co chapapote, que tamén é escuro, pero é un diálogo en negro, que é o que mantén o Bloque permanentemente. E non vai ser o Partido Popular o que cree ningún tipo de fractura, nin os representantes do Partido Popular, ningún tipo de fractura nesta sociedade galega, primeiro pola responsabilidade que teñen como gobernantes, e loxicamente, e fundamentalmente, polo respecto que lle teñen a todos os cidadáns de Galicia, non é esa a

mensaxe que sae das representacións institucionais nin dos membros do Partido Popular; todo o contrario, será en todo caso de ter moita atención, e de saber tamén que cando poida haber críticas dunha parte da sociedade galega nós estaremos atentos porque seguramente que ó mellor haberá moitos casos onde esa críticas poden ter fundamento, e onde ó mellor agardaban dos seus representantes públicos nunha situación mellor; o que estou seguro que a xente non espera dun representante político é que se aproveite dunha situación de catástrofe para crear unha campaña política como se está creando desde os grupos políticos da oposición. Moitas gracias.

Sr. presidente

Cerrado o debate, simplemente aclarar uns puntos que preguntaba o Sr. Lagares. Primeiro, a emenda esa de en vez de recuperación, preparación, como nós somos parte desa fundación entendo que non poderemos tomar unha decisión, agora si, participaremos alí para intentar cambiar iso no sentido que di vostede.

No tema dos millóns de euros, dun, un e un, no tema de rexeneración de praias e costa, podo dicir que as bases xa están listas; no tema de apoio ás confrarías de pescadores, temos- é un imperativo legal-, que pedir, xa se pediu información das bases á Consellería de Pesca, estamos agardando a contestación, e sairá de contado; e no tema de dinamización turística da zona, estamos en marcha, vostede ben sabe que se aprobou un plan importante de dinamización turística da Costa da Morte, participa o goberno central, a Xunta de Galicia e os concellos, e a deputación está metida nese plan para soportar ou participar na parte que tiñan que pór os concellos. Polo tanto, ese millón de euros vai para a parte que tiñan que pór os concellos que a vai asumir a deputación, simplemente os concellos, porque penso que é tamén legal que poñan algo, poñerán medio millón de pesetas cada ano por concello nese plan de dinamización turística plurianual.

Polo tanto, con isto quérolle dicir que o tema está todo en marcha, esperemos apoiar a esta xente, a esa zona, o antes posible.

VOTACIÓN

Votan a favor: 23 deputados (16 do PP e 7 do PSOE)

Votan en contra: ningún deputado

Abstéñense: 8 deputados (4 do BNG e 4 do PSOE, estes por ausentarse na deliberación do asunto e non estar presente no momento da votación, art. 74.1 do Regulamento orgánico).

ACORDO

Apróbase o seguinte dictame da comisión:

“1º.-Incorporación da Deputación Provincial da Coruña na Fundación Arao de interese galego e sen ánimo de lucro segundo os seus estatutos cunha achega dineraria na dotación fundacional de 120.000 euros, suxeita á habilitación de crédito oportuno no orzamento do presente exercicio.

2º.Aprobar os estatutos da Fundación Arao e designar como representantes da deputación no padroado ó presidente da deputación, don José Luis Torres Colomer e o deputado provincial don Dositeo Rodríguez Rodríguez.

3º.-O presente acordo queda condicionado á aprobación definitiva do expediente de modificación de créditos, no que se habilite crédito suficiente co que facer fronte á achega provincial ó capital fundacional, con cargo á partida 0305/451L/789.99.”

9.-CONVENIO DE FINANCIAMENTO DOS GRUPOS MUNICIPAIS DE INTERVENCIÓN RÁPIDA (GEMIR) 2003.

Por unanimidade, apróbase o seguinte dictame da comisión:

“1.- Aprobar o modelo de convenio de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e os concellos para o sostemento dos Grupos GMIR para o ano 2003.

2.- Os concellos que asinaran o convenio de sostemento dos Grupos GMIR no ano 2003 serán os seguintes: Arteixo, Arzúa, Betanzos, Boiro, Boqueixón, Carballo, Brión, Cee, Miño, Noia, Ordes, Ortigueira, As Pontes de García Rodríguez, Ribeira, Santa Comba e Vimianzo.

3.- Facultar ó presidente da Excma. Deputación para asinar os convenios de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e os mencionados concellos. “

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E O CONCELLO DE PARA O SOSTEMENTO DUN GRUPO MUNICIPAL DE INTERVENCIÓN RÁPIDA.

A Coruña, de de dous mil tres.

REUNIDOS

O Excmo. Sr. D. José Luis Torres Colomer, Presidente da Excma. Deputación Provincial da Coruña, asistido polo secretario deste organismo, D. José Luis Almuja Supervía. .

O alcalde-presidente do Concello de

EXPOÑEN

- 1.- Que ámbalas dúas partes se recoñecen plena capacidade para levar a cabo o presente convenio.
- 2.- Que A Deputación da Coruña, tendo entre as súas competencias o fomento e a administración dos intereses peculiares da súa provincia, está interesada na colaboración cos concellos no sostemento de Grupos Municipais de Intervención Rápida (GMIR), que é un corpo enmarcado dentro da seguridade civil dos municipios e que teñen como principal función ter unha infraestrutura altamente operativa que permita dar resposta inmediata ante situacións de emerxencia que impliquen riscos para as persoas ou os bens materiais das áreas dos distintos concellos.
- 3.- Que a Deputación da Coruña non dispón dos medios persoais nin materiais axeitados para afrontar esta tarefa.
- 4.- Que os GMIR levan actuando dende agosto do 1997 coa colaboración da Delegación Provincial da Consellería de Familia, Promoción de Emprego, Muller e Xuventude e máis a FEGAMP.
- 5.- Que o presente convenio é consecuente coas liñas de actuación que a Deputación vén realizando nas materias de protección civil e campañas de prevención de incendios.

Por todo isto e co fin de establece-las condicións de colaboración necesarias e acada-lo fin proposto, a Deputación da Coruña e o Concello de acordan subscribi-lo presente convenio segundo as seguintes:

CLÁUSULAS

PRIMEIRA .-OBXECTO

O presente convenio ten por obxecto a colaboración cos concellos no sostemento dun Grupo Municipal de Intervención Rápida, en orde a conseguila inmediata resposta a situacións de emerxencia en: incendios forestais e urbanos, accidentes de tráfico, inundacións, primeiros auxilios, asistencia domiciliares, apoio en materia de seguridade vial, actividades medioambientais, cooperación en axudas humanitarias e cantas outras supoñan dar resposta ás emerxencias do municipio.

En ningún caso formarán parte do obxecto do presente convenio actividades ou investimentos que sexan incluídas noutros plans ou programas provinciais.

SEGUNDA.- OBRIGAS

O concello de ten creado un Grupo Municipal de Intervención Rápida composto por : un responsable encargado da coordinación técnica, un xefe de grupo, encargado da coordinación dos operativos do grupo, dous capataces, encargados da coordinación das distintas roldas, podendo exercer un dos capataces de xefe de grupo, e dez peóns, organizaranse en roldas de mañá, tarde e noite, de tal xeito que poidan estar localizables as 24 horas do día para actuar en calquera emerxencia que poida acontecer nas áreas do seu contorno.

A Deputación participará mediante o aboamento dunha subvención ó concello dos gastos de sostemento do grupo por un importe máximo de 46.750,- euros os cales irán destinados a financia-los gastos de nóminas de persoal e material funxible.

TERCEIRA.- FINANCIAMENTO

A achega da Deputación Provincial da Coruña aboarase con cargo á aplicación presupostaria 0305/223A/46200 do presuposto provincial para o ano 2003.

CUARTA.- PAGAMENTO

A Deputación aboará o 50%, do total previsto, que ascende a 23.375 euros á sinatura do convenio.

O 50 % restante trala acreditación previa dos gastos realizados e mediante a presentación dos seguintes documentos:

- Certificación expedida polo secretario/interventor do concello no que se detallen os conceptos de gasto e o período de tempo ó que van referidos.
- Certificación acreditativa das subvencións concedidas para o obxecto contemplado no presente convenio, e, en todo caso certificación de que os gastos que se presentan como xustificantes da achega provincial, non foron subvencionados en ningún dos seguintes programas:

Axudas e subvencións para o fomento de emprego da Consellería de Familia, e Promoción de Emprego, Muller e Xuventude. Ano 2002

Programas dirixidos a concellos para actividades e investimentos durante o 2003 de medio ambiente.

Convenio de colaboración na campaña de actuación contra os incendios forestais.

Convenios de servicios sociais.

QUINTA.- LÍMITE Á ACHEGA PROVINCIAL. OBRIGAS

No suposto de non xustifica-la totalidade do gasto previsto minorarase a achega da Deputación ata a cantidade xustificada. No caso de que os gastos xustificadas foran superiores, a achega da Deputación non superará a cantidade indicada na segunda cláusula. En calquera caso a cantidade que se ha aboar poderá acadar ata o 100 % do gasto xustificado.

Se se obtiveran subvencións doutras entidades públicas ou privadas para o mesmo obxecto minorarase a achega provincial de tal xeito que as subvencións concorrentes non superen o custo da actividade xustificada polo concello conforme ó establecido na cláusula anterior.

A certificación do gasto deberá ter entrada no Rexistro Xeral da Deputación ata o 30 de xuño do ano 2004, e deberá ser referido a gastos efectuados durante o período de vixencia do convenio.

Para o pago das certificacións do gasto o concello deberá estar ó corrente das obrigas fiscais coa Deputación, (artº. 170.2 da Lei 39/1988, Reguladora das facendas locais) situación que determinará de oficio a propia Deputación.

O incumprimento das obrigas derivadas do presente convenio dará lugar á súa resolución e no seu caso, á devolución das cantidades percibidas, xunto cos xuros de mora correspondentes.

SEXTA.- NATUREZA XURÍDICA

O presente convenio ten natureza administrativa, as cuestións litixiosas que puideran surxir en relación con el serán competencia da xurisdicción contencioso-administrativa. Para a resolución das dúbidas ou lagoas existentes estarase ó disposto no Texto refundido da Lei de contratos, Decreto legislativo 2/200 do 16 de xuño.

SÉTIMA.- VIXENCIA

O presente convenio extenderá a súa vixencia dende o primeiro de xaneiro de 2003 e rematará unha vez cumprido o seu obxecto, e en todo caso, o 31 de decembro de 2003.

En proba de conformidade das dúas partes coa integridade do estipulado, asinan o presente convenio nun só acto e en exemplar cuadruplicado, no lugar e data indicados no seu encabezamento.

O ALCALDE,

O PRESIDENTE,

O SECRETARIO,”

(Entran os Sres. Porto Serantes, Quintáns Paredes e Poza Domínguez).

ACTUACIÓN DE CONTROL MOCIÓNS ROGOS E PREGUNTAS

(Sale o Sr. Campo Fernández).

Sr. Rodríguez Doval

Dúas preguntas ó respecto de dúas preguntas, de dous escritos que presentamos a modo de pregunta, un deles o día 20 de febreiro, verbo dunha petición dos plans de obras que se están executando na estrada 1201 de Rodiño a Codeso-Boqueixón, expropiacións, etc., etc.; e despois unha reiteración que fixen eu, pero que responde a algo que globalmente, especificamente, a miña compañeira Ana Santiago leva demandando desde hai non sei cantos anos, xa non me lembro, toda unha vida, como di a canción, que sería o listado detallado das subvencións concedidas a concellos e entidades da provincia, ó abeiro da convocatoria para o exercicio de 2002. Agardemos que isto se poida producir antes de que remate esta lexislatura, isto é igual que aquilo de Les Luthiers que dicía: “os nenos cantores do Tirol, véxaos antes de que medren”, pois esperemos que poidamos ter antes de que remate esta lexislatura a copia do listado de subvencións ás entidades do ano 2002.

Sr. presidente

Con respecto á primeira pregunta, a resposta é esta carpeta con toda a documentación que se lle remitirá inmediatamente; e á segunda pregunta contestaralle o responsable de cultura á señora Santiago.

Sr. López Crespo

Foi unha mágoa, porque eu desde entón teño ó dispor da Sra. Santiago no meu despacho a relación de todas as subvencións da provincia. Tal vez foi un lapso meu por non terllo dito, pero calquera día logo do feliz regreso do país arxentino vémonos e tomámonos o tempo que sexa para velo todo.

Sen máis asuntos dos que tratar, levántase a sesión sendo as trece horas e vinte minutos, redactándose a presente acta e autorizándose a súa transcripción, que asino co Ilmo. Sr. presidente, de todo o cal, eu, o secretario, dou fe.